

Rúbrica para avaliar unha infografía

Elementos	Moi ben (2)	Ben (1)	Mellorable (0,5)	Moi mellorable (0)
Corrección verbal	Os textos presentan unha sintaxe axeitada, o léxico é variado e axietado, non hai erros ortográficos (confusións gráficas e acentos gráficos).	Os elementos lingüísticos están ben empregados, o léxico é axeitado pero pouco variado e preciso e existen poucos erros ortográficos.	Os elementos lingüísticos poden ser máis sintéticos e precisos, a selección léxica pode ser máis variada e precisa e existen erros ortográficos.	Os elementos lingüísticos poden ser máis sintéticos e precisos, o léxico é impreciso e existen erros ortográficos graves.
Contidos	A infografía amosa dominio dos contidos escollidos, profundidade no seu tratamento, orixinalidade e unha investigación de fondo excelente.	A infografía amosa un bo dominio dos contidos, a profundidade e orixinalidade son aceptables e percíbese unha boa investigación de fondo.	A infografía pode mellorar a profundidade e orixinalidade dos contidos e mais a investigación que serve de base.	A infografía non presenta unha aceptable profundidade e orixinalidade dos contidos e mais a investigación que serve de base é insuficiente.
Claridade	A selección da tipografía é boa, a organización visual é equilibrada e ben construída, a paleta de cores é consistente coa finalidade e está ben utilizada.	A selección tipográfica e de cores é correcta e a súa combinación aceptable; a organización dos diversos elementos é comprensible e engade información.	A selección tipográfica e de cores é aceptable pero a súa combinación non está ben lograda; a organización dos diversos elementos non é moi comprensible e non engade información.	A selección tipográfica e de cores non obedece a ningún criterio recoñecible; a organización dos diversos elementos non é comprensible e non engade información.
Coherencia	A infografía presenta unha xerarquía dos elementos recoñecible e efectiva; os diferentes énfases na información están ben resoltos; as asociacións entre elementos visuais e textuais é significativa e hai ideas clave destacadas.	A infografía presenta unha xerarquía recoñecible pero a súa efectividade pode mellorarse; os diferentes énfases na información son aceptables; as asociacións entre elementos visuais e textuais é significativa e hai ideas clave destacadas.	A xerarquía dos elementos non é recoñecible e non acada a efectividade desexable; non hai énfases ou non son aceptables; as asociacións entre elementos visuais non é comprensible directamente e non hai ideas clave destacadas.	Non hai xerarquía entre os distintos elementos; non hai énfases ou non son aceptables; as asociacións entre elementos visuais non transmiten información e non hai ideas clave destacadas.
Concreción	A selección temática, os contidos e o nivel de coñecementos previos esixido é axeitado ao público; conecta facilmente con el, busca a complicidade e contén ideas e experiencias compartibles e facilmente memorables.	A selección temática, os contidos e o nivel de coñecementos previos esixido é axeitado ao público; conecta con el, e contén algunhas ideas e experiencias compartibles e facilmente memorables.	A selección temática, os contidos e o nivel de coñecementos previos esixido non sempre están pensados nun público específico; os referentes ou as experiencias compartibles son escasas ou pouco memorables.	A selección temática, os contidos e o nivel de coñecementos previos esixido non parecen dirixirse a un público específico; non se presentan referentes ou experiencias memorables.
Puntuacións parciais				
Puntuación final				